

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

CURSO 22-23

Para o alumnado de Lingua galega e literatura coa **materia pendente** de anos anteriores o departamento elaborará **plan de reforzo que será avaliado trimestralmente**. Os criterios de avaliación correspóndense cos criterios aplicados a cada curso da ESO que foron desenvolvidos anteriormente.

De superar as avaliacións 1ª. e 2ª. do curso actual, a materia pendente apróbase automaticamente. En caso contrario, o alumno/a terá opción a presentarse á proba que se convoca en maio ou á extraordinaria de xuño.

Os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva cínguense á adquisición dos contidos mínimos de cada nivel (especificados no plan de reforzo). A demostración desta adquisición farase como se vén de describir. Para aprobar é necesario como mínimo obter cinco puntos. Os alumnos que non acaden esta puntuación terán que presentarse na convocatoria extraordinaria.